

Escola Infantil Municipal Monte Alto

Guía básica

curso 2026-2027



Guía Básica para o inicio do curso

1-Calendario escolar

2-Horario escolar

3-Tarifas dos servizos

4-Mirando pola seguridade

5-Qué temos que ter na escola

6-Cousas de todos e todas

7-O día de traer. O día de levar

8-Coñecer, contar e compartir.



1. CALENDARIO DO CURSO

Dende o 4 de setembro de 2026 ao 30 de xullo de 2027

Familias de nova incorporación, tempo de familiarización gradual.

Información nas entrevistas do mes de setembro.

A escola permanecerá aberta de luns a venres exceptuando os seguintes días non lectivos-pendentes de aprobación polo concello.

2026

- 7 de outubro (día do Rosario)
- 12 de outubro (día do Pilar)
- 7 de decembro (día do ensino)
- 8 de decembro (día da Inmaculada)
- 24 de decembro (Noiteboa)
- 25 de decembro (Nadal)
- 31 de decembro (Fin de ano)

2027

- 1 de xaneiro (ano novo)
- 6 de xaneiro (Reis)
- 8 e 9 de febreiro (luns e martes de Entroido)
- 19 de marzo (San Xosé)
- 25 e 26 de marzo (xoves e venres santo)
- 17 de maio (Letras Galegas)
- 24 de xuño (San Xoán)

3. Horario da escola

HORARIO DA ESCOLA de 07:00 - 17:00 h.

Horarios confirmados antes de comezo do curso. Modificacións con antelación suficiente para responder á súa posibilidade de cambio.

O servizo de almorzo de primeira hora precisa que a chegada do menor sexa antes das 8:20h.

O servizo de merenda é obrigatorio para todo o alumnado que quede na escola de 15:55h a 16:55h.

ENTRADAS segundo matrículas
7:30h

Entrada 8:00h a 8:20 h.

Entrada xeral de 9:00h a 9:20h.

SAÍDAS segundo matrículas.

SAÍDA PRIMEIRA

Ás 12:15 h. obrigatoria para nenos/as sen servizo de xantar.

SAÍDAS DESPOIS DO DESCANSO

- De 14:45 a 15:00 h.
- De 15:45 a 16:00 h.
- De 16:45 a 16:55 h.

PECHE DA ESCOLA ÁS 17:00 h.

4. TARIFAS DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Inicialmente grupos estables, aínda que unha vez superado o inicio do curso pódense solicitar servizos por día no referente ao xantar. O grupo de merendas e almozos debe ser estable unha vez iniciado no horario e servizo.


CUSTOS

ALMORZO



19,19€/mes

XANTAR



92,34€/mes

MERENDAS



31,66€/mes

- Almorzo primeira hora (08:00-08:30 h.)
- Almorzo media mañá

Prezos de servizos soltos (merenda, xantar ou almorzo previa solicitude por correo electrónico e confirmación por parte da escola. 5.27€



5. Mirando pola seguridade

Por razóns de seguridade e hixiene os nenos/a non traerán á escola xoguetes, contos, moedas, pins, cadeas, pulseiras ou pequenas pezas e obxectos.


É complicado pensar en deixar fóra da escolas os obxectos persoais de apego pero é necesario que esta vez o fagamos así.

Para que a despedida ou separación inicial non sexa máis complicada é importante que teñades presente esta situación polo que será mellor separar dende a casa, a rúa, etc. estes obxectos.

6 - QUÉ TEMOS QUE TER NA ESCOLA

Primeiros meses Nacidos 2026	Grupo 1-2 anos Nacidos 2025	Grupo 2-3 anos Nacidos 2024
<u>DE TEA, TODO MARCADO CO NOME.</u> <u>2 mudas completas</u> <u>2 bolsas tea, con cierre cordón: 1</u> con capacidade para gardar as mudas e outra para enviar cos cambios para casa. <u>Babeiros</u> iniciais ou gasas. DE HIXIENE <u>Cueiros</u>, media bolsa. Solicitamos segundo necesidade. <u>Gasas ou toallitas</u> para hixiene cambios; 1 paquete <u>Cremas</u> cambio cueiro, segundo uso e necesidade PARA LEITE OU AUGA <u>Biberóns, vaso adaptado</u> etc.. segundo necesidade, marcado co nome.	<u>DE TEA, TODO MARCADO CO NOME.</u> <u>2 mudas completas</u> <u>2 bolsas tea, con cierre cordón: 1</u> con capacidade para gardar as mudas e outra para enviar cos cambios para casa. CALZADO (dependerá do seu uso pola rúa) 2 pares: 1 para gardar na bolsa de cambio de forma permanente. Outro para o cambio de calzado ao entrar na escola. DE HIXIENE <u>Cueiros</u>, media bolsa. Solicitamos segundo necesidade. <u>Gasas ou toallitas</u> para hixiene cambios; 1 paquete <u>Cremas</u> cambio cueiro, segundo uso e necesidade. PARA LEITE OU AUGA <u>2 Biberóns, 2 vasos adaptados</u> etc.. segundo necesidade, marcado co nome.	<u>DE TEA, TODO MARCADO CO NOME.</u> <u>2 mudas completas</u> <u>2 bolsas tea, con cierre cordón: 1</u> con capacidade para gardar as mudas e outra para enviar cos cambios para casa. CALZADO 2 pares: 1 para gardar na bolsa de cambio de forma permanente. Outro para o cambio de calzado ao entrar na escola. DE HIXIENE <u>Cueiros</u>, media bolsa. Solicitamos segundo necesidade. <u>Gasas ou toallitas</u> para hixiene cambios; 1 paquete <u>Cremas</u> cambio cueiro, segundo uso e necesidade. PARA AUGA <u>2 vasos adaptados</u> etc.. segundo necesidade, marcados co nome. (non botella nin biberón)

7. Cousas de todos e todas, pendente de concretar algúns temas



Dende hai tempo a escola promove o uso colectivo de aqueles elementos relacionadas con momentos que son compartidos, falamos do almorzo, xantar e descanso. Estes momentos precisan de pezas de roupa: sabas, mandilóns, babeiros, etc. que forman parte da comunidade escolar e que facilitan a organización e reducen os gastos que habitualmente se teñen ao comezo do curso.

As pertenzas da escola, forman unha dotación de materiais que se ofrecen para o seu uso individual ao longo do curso e que promoven unha forma de sentirnos responsables de bens colectivos tan sinxelos como un simple babeiro.

Pendente o tema de sabas, pola nova dotación do concello.

Cada familia será responsable do lavado da saba semanalmente, levándoa o venres para casa. Terá que volver limpa e gardada unha bolsa co nome do neno/a.

Os mandilóns e babeiros son lavados e secados a través dunha empresa de lavandería que está a levar un protocolo específico para nós. A importancia do lavado a alta temperatura e dun bo secado é imprescindible para manter as medidas de hixiene na escola. O coste de lavandería é compartido entres as familias a través da ANPA TITONGO. PEDIMOS VALORAR A IMPORTANCIA DE ASOCIARSE E FORMAR PARTE DA ANPA PARA MANTER A FORMA DE LAVADO E SECADO QUE LEVAMOS FACENDO DURANTE ESTOS CURSOS.

É IMPORTANTE QUE AS FAMILIAS VALOREDES O PAPEL E FACILIDADES QUE A ANPA TITONGO LEVA ADIANTE, ENTRE ELAS A ACTIVIDADE DE MÚSICA SEMANAL, ASÍ COMO O LAVADO E SECADO DE PRENDAS DE USO ESCOLAR

8. O DÍA DE TRAER, O DÍA DE LEVAR

Luns días de traer : Luns pola mañá /saba e pezas de mudas que foron para casa por cambios.

Venres día de levar: Venres ou día de cambio de roupa do neno/a.

A BOLSA DE CAPULANA

Ofrecemos a cada familia unha **bolsa de CAPULANA**, que levará a indicación do trapiño da vosa filla/fillo sempre colgando. É de préstamo. No caso de perda deberá repoñerse.

Esta bolsa é para levar e traer ca roupa que sexa preciso lavar na casa. Ao final de curso quen queira a pode mercar, por un valor de 5 euros, para colaborar cas escoliñas de Mozambique do proxecto **CORAZÓN DE CAPULANA**.

O uso desta bolsa de forma regular ao longo do curso é importante para fortalecer e participar nas propostas do proxecto educativo que levamos na escola.



9. Coñecer, contar e compartir



Interese pola escola, os primeiros encontros. Asistir e responder ás convocatorias iniciais xa é un primeiro paso para a participación. Dende este momento inicial é imprescindible porque sen a presenza das familias, sen os seus comentarios, suxestións, etc. non tería sentido o noso traballo.

Encontros grupais. Son momentos nos que se trata de poñer en común aspectos que resulten interesantes e primordiais para as familias, para logo ir abrindo diálogos sobre as normas de convivencia sobre o proxecto educativo, a formulación da alimentación e do tempo de descanso.

Encontro inicial ao comezo do curso escolar con cada familia. É importante conceder tempo para que a familia teña oportunidades de ter toda a información que considere necesaria para confiar, organizar ou planificar o que será o comezo do tempo escolar.

As reunións con grupos de nais e pais. Ao longo do ano, manteranse na escola encontros periódicos e puntuais co obxectivo de manter informadas ás familias, tanto de aspectos educativos como organizativos: reunións de aula de principio de curso, reunións sobre temas concretos, reunións relacionadas con aspectos sanitarios e de seguridade.

O encontro diario, momentos de acollida e despedida. As características da escola permiten que a diario as familias teñan oportunidade de comunicarse persoalmente cos membros do equipo e da dirección. Durante este momento, que coincide co reencontro, as familias teñen oportunidade de participar en propostas diferentes relacionadas cos proxectos da escola.



Podedes coñecer máis sobre nosa experiencia e proxecto de escola, neste enlace

[Escola Infantil Municipal Monte Alto • A Escoliña](#)

